

**EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN EXTRAORDINARIA-URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 1 DE DECEMBRO DE 2017.**

**Alcalde-Presidente:**

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

**Concelleiros:**

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D. JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ TABOADA.

D<sup>a</sup>. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

D<sup>a</sup>. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

**Secretario Xeral:**

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

**Interventora Accidental:**

MARÍA DEL CARMEN MÉIJOME ÁLVAREZ.

**1.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

Acordouse ratificar a urxencia.

**2.- EXPEDIENTE 4750/2017. LICENZA URBANÍSTICA DE OBRAS MAIORES.**

Acordouse CONCEDER LICENZA DE OBRA para construción dun almacén, nunha finca con referencia catastral parcela 555 do polígono 189, sita no lugar de Eirexe, na parroquia de Anzo, de Lalín.

**3.- EXPEDIENTE 3320/2017. CP4 OBRAS SUXEITAS A COMUNICACIÓN PREVIA.**

Acordouse a EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS para cambio de cuberta no lugar de Ramil, núm.13, parroquia

de Gresande, en Lalín.

**4.- EXPEDIENTE 491/2017. COMUNICACIÓN PREVIA EN MATERIA URBANÍSTICA (URBANISMO).**

Acordouse A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS para obras consistentes nunha canalización para instalación da rede de baixa tensión para dous suministros nun edificio na rúa Donramiro en Lalín.

**5.- EXPEDIENTE 1255/2017. LICENZA DE SEGREGACIÓN 7799.**

Acordouse CONCEDER LICENZA DE SEGREGACIÓN para parcelación (agrupación e segregación), no lugar de Canda, nº 7, parroquia de Vilanova, Lalín.

**6.- EXPEDIENTE 5498/2017. LICENZA URBANÍSTICA.**

Acordouse A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTIVIDADE para actividade de explotación de caprino extensivo en Porta Moas-Catasós-Lalín.

**7.- EXPEDIENTE 1416/2017. EJECUCIÓN DE GARANTÍA DE URBANIZACIÓN.**

Acordouse a EXECUCIÓN E RECEPCIÓN DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN DA AR-16.

**8.- EXPEDIENTE 3226/2017. PROCEDIMIENTO ADMINISTRATIVO COMÚN (ASESORIA XURIDICA SS.SS.).**

Acordouse aprobar a PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DEFINITIVA DA CONCESIÓN DE BONIFICACIÓNS DO PROGRAMA DE TRANSPORTE DE ESTUDIANTES DURANTE O CURSO ACADÉMICO 2017–2018.

**9.- EXPEDIENTE 5456/2017. RELACION DE FACTURAS.**

Acordouse aprobar a relación de facturas por importe de 352.433,74 €.

**10.- EXPEDIENTE 1419/2017. BASES CONCESIÓN BOLSAS. CURSO 2017- 2018.**

Acordouse aprobar a PROPOSTA DA INSTRUCTORA DE RESOLUCIÓN DEFINITIVA DA CONCESIÓN DE BOLSAS COMPLEMENTARIAS AO ESTUDO PARA ALUMNOS/AS DE CENTROS DOCENTES DO CONCELLO DE LALÍN. CURSO ACADÉMICO 2017–2018.

**11.- EXPEDIENTE 3237/2017. CONTRATO DE OBRAS POR PROCEDIMIENTO ABERTO, OFERTA ECONOMICAMENTE MÁIS VANTAJOSA, VARIOS CRITERIOS DE ADJUDICACIÓN.**

Acordouse Proceder á aprobación certificación nº 1 da obra “MELLORA DE ACCESOS E PAVIMENTACIÓN DE RÚAS EN NÚCLEOS RURAIS DE LALÍN”.

**12.- EXPEDIENTE 1864/2017. CONTRATO MENOR DE OBRAS. REFORZO PAVIMENTO RÚA 4 E REPARACIÓN XUNTA PONTE AUDITORIO.**

Acordouse Proceder á aprobación certificación Nº1-Final da obra “REFORZO PAVIMENTO RÚA 4 E REPARACIÓN XUNTA PONTE DO AUDITORIO.

**13.- EXPEDIENTE 1526/2017. APROBACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN. AMPLIACIÓN DO CENTRO SOCIAL DE PRADO E CALEFACCIÓN" (PLAN CONCELLOS 2017-LIÑA 1) (CO012017).**

Acordouse Proceder á aprobación certificación nº 3 da obra “AMPLIACIÓN DO CENTRO SOCIAL DE PRADO E CALEFACCIÓN, LALÍN”.

**14.- EXPEDIENTE 3316/2017. PROCEDIMIENTO**

**ADMINISTRATIVO COMÚN (CONTRATACIÓN ADMINISTRACIÓN).**

Acordouse Proceder á aprobación certificación nº 1-Final da obra “REFORMAS VARIAS NO AUDITORIO DE MUIMENTA, LALÍN”.

**15.- EXPEDIENTE 4132/2017. CONTRATO MENOR DE OBRAS (CON PETICIÓN DE TRES OFERTAS).**

Acordouse Proceder á aprobación certificación nº 1 da obra “APARCADOIRO DE AUTOCARAVANAS”.

**16.- EXPEDIENTE 2645/2017. REPRESENTACION ANTE AEAT. CERTIFICADO CARGO ALCALDE.**

Acordouse reintegrar a varios empregados municipais o importe de 33,88 euros polo pago realizado ao seu cargo por renovación dos certificados dixitais do Concello de Lalín e do Padroado ao seu nome.

**17.- EXPEDIENTE 5436/2017. ALDEA SINGULAR 2018.**

Acordouse aprobar as Bases que rexerán a distinción Aldea Singular do Concello de Lalín para o ano 2018.

**18.- EXPEDIENTE 141/2017. RECOÑECIMIENTO DE ANTIGÜIDADE E PAGO DE TRIENIOS AO PERSOAL TEMPORAL DO CONCELLO DE LALÍN.**

Acordouse Recoñecer, con data 29 de novembro de 2017, a antigüidade a varios traballadores municipais.

**19.- EXPEDIENTE 5405/2017. PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO COMÚN (PERSOAL). NOMEAMENTO AUX. ADMIN. FUNCIONARIO INTERINO POR SUBSTITUCIÓN URBANISMO.**

Acordouse Aceptar a renuncia presentada con data 30/11/2017, núm. R.E. 9546, por un aspirante da Lista que de conformidade coas Bases Xerais que rexen a Bolsa de Emprego deste Concello, quedaría na

situación de baixa temporal.

E propoñer o nomeamento como auxiliar administrativo, funcionario interino por substitución transitoria da titular do posto de Urbanismo.

**20.- EXPEDIENTE 5509/2017. PROCEDEMENTO XENÉRICO. CONTRTACIÓN TEMPORAL AUX. ADMIN. POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS EN SERVIZOS SOCIAIS.**

Quedou pendente para un mellor estudo.

**21.- EXPEDIENTE 5617/2017. PROPOSTA TRASPASO EXECUTIVA AUGA E SANEAMENTO A ESPINA E DELFIN (TESOURERIA).**

Acordouse Traspasar o importe de 2.479,31 € correspondentes ao ingreso neste Concello como consecuencia da recaudación en vía executiva pola Deputación de Pontevedra das cantidades adeudadas á concesionaria do Servizo municipal de Augas do Concello de Lalín.

**22.- EXPEDIENTE 5369/2017. PROGRAMA: PRODUTOS ALIMENTICIOS FRESCOS PARA FAMILIAS SEN RECURSOS.**

Acordouse autorizar o gasto por importe de 5.000 € para o programa “*PRODUTOS ALIMENTICIOS FRESCOS PARA FAMILIAS SEN RECURSOS*”.

**23.- EXPEDIENTE 4028/2017. PROPOSTA DE GASTO REPINTADO FAROLAS RÚA XOAQUÍN LORIGA.**

Acordouse realizar un contrato de obra ao abeiro do réxime de contratos menores con destino ao contrato de repintado das farolas da Rúa Joaquín Loriga do Concello de Lalín.

**24.- EXPEDIENTE 5014/2017. PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO COMÚN (URBANISMO).**

Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 13.490,58€ (IVE incluído), con destino á realización das obras

denominadas “ACTUACIÓNS DE HUMANIZACIÓN NA PARROQUIA DE ZOBRA, LALÍN”.

**25.- EXPEDIENTE 5522/2017. CONCESIÓN TARXETA DE APARCAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE Nº 27/2017.**

Acordouse a concesión da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía co número 27/2017 con carácter PROVISIONAL ata o 13/10/2020.

**26.- EXPEDIENTE 5469/2017. APROBACIÓN POSTO CHURROS PARA 5-1-2018 (POLICÍA).**

Acordouse conceder autorización para a instalación dun posto de 4 metros para a venda ambulante de churros na Praza da Igrexia o día 05-01-2018.

**27.- EXPEDIENTE 947/2017. RESOLUCIÓN E CONCESION SUBVENCIONS REINVERSIONS PPOS 2015.**

Acordouse aprobar a conta xustificativa de gastos do proxecto “Substitución de luminarias na rúa D, rúa Alcalde Ferreiro e rúa Pintor Colmeiro”.

**28.- EXPEDIENTE 5612/2017. DACIÓN DE CONTA DE SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA REPARACIÓNS VARIAS NO CEMITERIO VELLO DE LALÍN.**

Dáse conta do escrito presentado pola Deputación de Pontevedra, de data 20 de novembro de 2017, número de rexistro de entrada 9185, co que achega resolución presidencial concedendo ó Concello de Lalín unha subvención de 24.809,50 euros, para o investimento “*Reparacións varias no Cemiterio Vello de Lalín*”.

**29.- EXPEDIENTE 1162/2017. CORRECIÓN DE ERROS ACORDO PUNTO 7 XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 20 DE NOVIEMBRE DE 2017.**

Dáse conta do erro padecido no punto 7, expediente 1162/2017 da Xunta de Goberno Local celebrada o 20 de novembro de 2017, propoñéndose á Xunta de Goberno Local a corrección de dito erro.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, cando son as 15:10 horas do día do seu comezo, da que, eu, como Secretario Xeral, dou fe.